

ACTA

Expediente núm.	Órgano colexiado
PLN/2025/1	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria:

Ordinaria

Data:

6 de febreiro de 2025

Duración:

Desde as 20:35 ata as 21:44

Lugar:

Salón de Plenos do Concello de A Estrada

Presidida por:

Gonzalo Louzao Dono

Secretaria:

María Jesusa Fernández Bascuas

ASISTENCIA Á SESIÓN

Núm. de identificación	Nome e Apelidos	Asiste
	ALFONSO FIGUEIRAS REY	SÍ
	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
	AMALIA LAGO DURAN	SÍ
	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	SÍ
	DIEGO PERNAS FERNÁNDEZ (Informático)	SÍ
	GONZALO LOUZAO DONO	SÍ
	GUMERSINDO VILLAMAYOR MARTÍNEZ	SÍ
	JESSICA RODRÍGUEZ CALVIÑO	SÍ
	JOSE ISMAEL PENA VILLAMOR	SÍ
	JOSÉ CONDE TRASANDE	SÍ
	JUAN CARLOS GONZALEZ BARCIA	SÍ
	LUCIA SEOANE ROSENDE	SÍ
	LUIS LOPEZ BUENO	SÍ
	MARIA ANGELES PAIS CARBIA	SÍ
	MARIA DEL CARMEN DURÁN LEA	SÍ





EXCMO. CONCELLO
DA ESTRADA

	MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ
	MARÍA BELÉN LÓPEZ PENA	SÍ
	MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	SÍ
	MANUEL MAGARIÑOS MACEIRAS	SÍ
	MARÍA CARMEN MORILLO RODRÍGUEZ (Interventora)	NON
	OSCAR ALEJANDRO DURAN BARROS	SÍ
	ROMÁN SUÁREZ PORTO	SÍ
	XOÁN REYES VILLAR	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

COMPROBACIÓN DE CREDENCIAL DE CONCELLEIRO DO GRUPO DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO E XURAMENTO OU PROMESA DE TOMA DE POSESIÓN DO CARGO

Intervén a **señora secretaria** para dicir que, trala renuncia e cese de D. Ricardo Castro Camba o 27 de novembro de 2024, do que se deu conta ao Pleno na sesión ordinaria celebrada o 9 de xaneiro de 2025, procede, en aplicación do artigo 182 da Lei Orgánica de Réxime Electoral 5/1985, de 19 de xuño, cubrir o posto vacante polo candidato a quen lle corresponde por orde de colocación na lista do BNG presentada para as eleccións locais de 2023; e, tralas renuncias expresas de Dna. María del Carmen Rey Romeo, D. Pablo Carracedo Goldar e Dna. Clara Isabel Iglesias Cortizo, recae este nomeamento en D. Gumersindo Villamayor Martínez (posto nº 7 da nomeada lista).

Visto que, con data 21 de xaneiro de 2025, recibíuse da Xunta Electoral Central a credencial do Sr. Villamayor Martínez.

Visto que, de acordo co establecido no artigo 75.7 da Lei de Bases de Réxime Local, o concelleiro D. Gumersindo Villamayor Martínez presentou a declaración sobre causa de posible incompatibilidade e actividades que lle proporcionen ou poidan proporcionar ingresos económicos, e tamén a declaración de bens patrimoniais e de participación en sociedades.

Igualmente, o nomeado concelleiro está debidamente informado sobre o réxime de incompatibilidades que, para a condición de concelleiro, está establecido no artigo 178 en relación cos artigos 6, 7 e 177 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral, e artigo 10 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sen que poña de manifesto causa de incompatibilidade co cargo de concelleiro.

A señora secretaria di que, de conformidade co disposto na normativa





vixente, convídase ao concelleiro D. Gumersindo Villamayor Martínez a que expoña neste acto se lle afecta algunha causa de incompatibilidade sobrevida con posterioridade á súa declaración, non producíndose manifestación algunha.

Continúa a **señora Secretaria** indicando que, conforme ao disposto no artigo 108.8 da Lei 5/1985 do Réxime Electoral Xeral, o señor Villamayor Martínez debe de proceder a prestar xuramento ou promesa na forma establecida polo Real Decreto 707/1979.

O **Sr. Presidente** prega ao Sr. Villamayor Martínez que se achege para realizar o seu xuramento ou promesa; o cal procede a prestar a seguinte proposta: *“Por imperativo legal prometo pola miña consciencia e honra cumprir fielmente as obrigas de concelleiro con lealdade ao Rei, gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.”*

Unha vez prestado xuramento por D. Gumersindo Villamayor Martínez, o **señor presidente** lle insta a ocupar o seu lugar no Salón de Plenos.

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA O 26 DE DECEMBRO DE 2024	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión sesión extraordinaria celebrada o día 26 de decembro de 2024, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 9 DE XANEIRO DE 2025	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión sesión ordinaria celebrada o día 9 de xaneiro de 2025, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

Expediente 325/2025. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS EN RELACIÓN COA PROPOSTA DE DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL A CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA PÚBLICA NA PARCELA VC-4 DO PLAN PARCIAL SUD R06 - AVDA DE VIGO POLA SOCIEDADE VIVENDA PÚBLICA DE GALICIA, S.A., AOS EFECTOS DE BONIFICACIÓN NO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS.	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento





Feitos e fundamentos de dereito:

Visto o certificado de acordo plenario de data 09/01/2025 de cesión gratuíta da parcela VC-4 do plan parcial SUD R06 - Avda de Vigo para á Sociedade Vivenda Pública de Galicia S.A. para a edificación de vivenda de promoción pública.

Visto documento de solicitude de cesión de nomeada parcela a favor da Sociedade Vivenda Pública de Galicia S.A., con rexistro de entrada 2024-E-RC-15794, presentado polo Instituto Galego de Vivenda e Solo, así como a bonificación do 95% sobre a cota tributaria do Imposto de Construcións, Instalación e Obras, de conformidade co artigo 103.2, punto a), do Real Decreto Legislativo 2/2024, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

Vista a necesidade de construción de vivenda no noso Concello a fin de poder dar resposta á falta de vivenda, e especialmente, de vivenda pública e entendendo esta actuación como unha medida fundamental de asentamento de poboación a fin de loitar contra o despoboamento que sofren os concello do interior.

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de 24/01/2025, aos efectos de emisión de informe pola Tesoureiría municipal.

Visto o informe emitido con data 27/01/2025 pola tesoureira municipal.

Vista a proposta de resolución PR/2025/118, emitida o 27/01/2025 pola Alcaldía-Presidencia.

Visto o Ditame favorable acadado na Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas na sesión celebrada o 30/01/2025.

Deliberado sobre o particular, sométese a proposta a votación, sendo adoptado, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Resolución:

Primeiro.- Declarar a construción de vivenda pública a executar pola Sociedade Vivenda Pública de Galicia S.A. na Parcela VC-4 do Plan parcial SUD R06 - Avda de Vigo como de especial interese ou utilidade municipal aos efectos dunha posterior bonificación do imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

Segundo.- Outorgar unha bonificación do 95 por cento na cota do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras á construción de novas vivendas de promoción pública, con arranxo ao establecido na Ordenanza Fiscal nº 4 do Concello de A Estrada, reguladora do nomeado imposto.





Expediente 624/2025. DITAME DA COMISI3N INFORMATIVA DE ORGANIZACI3N, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS EN RELACI3N COA PROPOSTA DE APROBACI3N DE CREACI3N DE POSTO DE XEFE OU XEFA DE PRENSA COMO PERSOAL EVENTUAL

Favorable	Tipo de votaci3n: Ordinaria
	A favor: 13, En contra: 8, Abstenci3ns: 0, Ausentes: 0

Feitos e fundamentos de dereito:

Vista a toma de posesi3n da Alcaldía en sesi3n extraordinaria e urxente celebrada polo Pleno o 20 de abril de 2024.

Visto o disposto no artigo 38 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organizaci3n, Funcionamento e R3xime Xurídico das Entidades Locais (ROF).

Visto o sinalado nos artigos 89, 90, 104 e 104 bis da Lei 7/1985. reguladora das Bases do R3xime Local.

Visto o sinalado no artigo 250 da Lei galega 5/1997 de Administraci3n Local.

Visto o sinalado nos artigos 41 e 50 do RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organizaci3n, Funcionamento e R3xime Xurídico das Entidades Locais.

Visto o sinalado no artigo 176 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido de Disposici3ns Legais vixentes en materia local.

Visto o sinalado no artigo 12 da do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da do Estatuto B3sico do Empregado P3blico.

Visto o sinalado nos artigos 29 e seguintes, e no artigo 201 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego P3blico de Galicia.

Visto o Boletín Oficial de Pontevedra do día 24 de xaneiro de 2025 no que se fai p3blico a entrada en vigor do orzamento deste Concello para o exercicio 2025.

Visto que no indicado orzamento figura no Anexo de Persoal o posto de xefe de prensa, cunha retribuci3n bruta anual de 43.393,40 €.

Vista a necesidade de contar con servizos de persoal eventual para o desempeo de funci3ns de confianza e asesoramento do equipo de goberno municipal e da Alcaldía en materia de comunicaci3n e relaci3n cos medios de informaci3n e coa cidadanía.

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 29/01/2025, aos efectos de emisi3n dos correspondentes informes xurídico e de fiscalizaci3n.

Visto o informe emitido con data 29/01/2025 pola secretaria xeral deste Concello.

Visto que, con data 30/01/2025, emite informe a interventora municipal.

Vista a proposta de resoluci3n PR/2025/150, emitida con data 30/01/2025 pola Alcaldía-Presidencia.





Visto o Ditame favorable acadado pola Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais, na sesión extraordinaria e urxente celebrada o 31/01/2025

Deliberado sobre o particular, sométese o asunto a votación, sendo adoptado polos votos a favor do grupo do Partido Popular e en contra dos grupos do PSdeG-PSOE, BNG e Mixto (MOVETE), o seguinte **ACORDO**:

Resolución:

Primeiro.- Aprobar a creación do posto de Xefe de Prensa como persoal eventual, asumindo as seguintes funcións:

- Planificar e executar co Goberno Municipal a estratexia de comunicación do Concello da Estrada.
- Planificación e xestión do protocolo da Alcaldía e do Concello en xeral.
- Manter unha relación fluída e continua cos medios de comunicación.
- Recepción e avaliación de información producida polos departamentos do Concello.
- Xestionar a convocatoria de roldas de prensa e redacción de notas de prensa.
- Colaborar na organización de actos públicos organizados polo Concello da Estrada.
- Redactar cartas, notas, folletos, etc., que sexan necesarios para dar a coñecer a actividade municipal.
- Realización de outras tarefas derivadas do cargo e ordenadas pola Alcaldía.

Segundo.- A súa dedicación será exclusiva. As súas retribucións brutas anuais serán de 43.393,40 euros, dividido en catorce mensualidades, por asimilación ao grupo A1, cos incrementos anuais correspondentes. O Concello asumirá o pago das cotas empresariais á Seguridade Social que lle correspondan.

Terceiro.- O nomeamento e cese do persoal eventual é libre e corresponde á Alcaldía e cesa automaticamente, en todo caso, cando se produza o cese ou expire o mandato da autoridade á que presten a súa función de confianza ou asesoramento.

Cuarto.- Trasladar a creación do presente posto de traballo á plantilla municipal, procedendo a aprobar inicialmente a pertinente modificación da Plantilla de Persoal do Concello da Estrada.

Quinto.- Someter a referida modificación da Plantilla a información pública, por prazo de quince días, mediante a publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial de





Pontevedra, a efectos de exame do expediente polos interesados e presentación de reclamacións, no seu caso. A citada modificación considerarase definitivamente aprobada conforme ao disposto no artigo 169 da Lei Reguladora de Facendas Locais, si durante o referido prazo non se presentaran alegacións.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 23 E O 30 DE DECEMBRO DE 2024 (AMBOS OS DOUS DÍAS INCLUÍDOS)

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os días 23 e 30 de decembro de 2024 (ambos os dous días incluídos), que van dende o número 2024-2002 ao número 2024-2066 (ambos os dous incluídos).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 2 E O 31 DE XANEIRO DE 2025 (AMBOS OS DOUS DÍAS INCLUÍDOS)

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os días 2 e 31 de xaneiro de 2025 (ambos os dous días incluídos), que van dende o número 2025-0001 ao número 2025-0143 (ambos os dous incluídos).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

C) ROGOS E PREGUNTAS

Neste apartado interveñen os voceiros e voceiras dos grupos políticos municipais. Así mesmo, interveñen, en cumprimento co establecido no Regulamento de Participación Cidadá, a seguintes persoas asistentes no público:

- Dna. Balbina Martínez Ramallal (DNI: [REDACTED])

- Dna. María Fernanda Barreiro Suárez (DNI: [REDACTED])





Todas as intervencións quedan recollidas no arquivo audiovisual resultante das gravacións efectuadas, formando parte desta acta.

Levántase a sesión sendo as vinteunha horas e corenta e catro minutos do día do seu comezo.

De conformidade co establecido no Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre los libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, incorpórase á presente acta o acceso ao arquivo audiovisual resultante da gravacións das intervencións na sesión co enlace que se sinala a continuación, formando parte da mesma:

<https://aestrada-plenos.tiivii.com/2025/02/07/pleno-concello-de-a-estrada-6-de-febrero-2025/>

Garántese a autenticidade e integridade do nomeado arquivo audiovisual co certificado correspondente incluído no expediente e que inclúe a marca dixital “hash”:

50DA03CF502FEF1A7C026AD6DF532332D07D702AAA8316989AE2CEDD4B867592

Marca dixital xerada coa aplicación de firma electrónica Autofirma (desenvolvida polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas).

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

